

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 29/01/2026(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XAVIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. ALVARO CAROU GARCÍA

SECRETARIA

DONA MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

D. JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29/01/2026, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 8 de xaneiro de 2026.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2025.

3. Aprobación, se procede, da delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo da Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local do Concello de Vilagarcía de Arousa.

4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a defensa da igualdade das traballadoras da limpeza hospitalaria nos hospitais comarcais. **Retirada da Comisión Informativa do día 26 de xaneiro e do Pleno de 29 xaneiro 2026.**

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á contestación das peticións veciñais presentadas por escrito

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa ás consecuencias para a frota artesanal galega da entrada en vigor do Regulamento de control da pesca da Unión Europea.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a ampliación do prazo dos convenios de cesión dos centros socioculturais para facilitar o acceso a subvencións externas.

9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

11. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

12. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

13. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

14. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais Dona Elsa Pérez Fernández e D.

Alberto Fandiño Mariño, utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 8 DE XANEIRO DE 2026.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 8 de xaneiro de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2025: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Adxudicación obras
- 1 Cotas amortización extraordinaria de operación de crédito
- 2 Expediente transferencia de crédito
- 4 Expte. De modificación de crédito
- 1 Prórroga orzamento do 2025 para o 2026
- 2 Proxecto de gasto con fiancamento afectado
- 9 Recoñecemento de obriga
- 12 Levantamento reparo suspensivo
- 1 Baixas Padrón de habitantes por inscrición indebida
- 2 Resolución de recurso de reposición
- 17 Resolución primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 5 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 2 Resolución expediente sancionador de tráfico
- 1 Apertura expediente sancionador de tráfico
- 1 Aplicación novos importes incremento retributivo
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Nomeamento funcionarios de prácticas
- 1 Ampliación oferta de emprego público 2025
- 1 Delegación substitución Secretaría Xeral
- 1 Modificación nomeamento funcionaria interina
- 1 Nomeamento prórroga temporal inclusión social etnia xitana
- 4 Nomeamento funcionario/a interino/a
- 1 Nomeamento tribunal selectivo proxecto +emprega
- 1 Pagamento plan de pensións
- 2 Substitución posto categoría superior

1 Aprobación expediente contratación operación préstamo
1 Estimatoria derivación subsidiaria
1 Estimatoria rateo no IVTM
1 Estimatoria ICIO
1 Desestimatoria outras solicitudes tributarias
42 Estimatoria/desestimatoria pagos duplicados
6 Estimatoria/desestimatoria IVTM
7 Estimatoria/desestimatoria liquidacións e baixas
7 Estimatoria recibos
2 Estimatoria bonificación IBI
13 Estimatoria/desestimatoria compensación de débedas
12 Estimatoria/desestimatoria IBI
26 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos
17 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais no IVTM
9 Estimatoria/desestimatoria IIVTNU
47 Orde de pago
4 Comisiões bancarias
3 Pago de préstamos
9 Deber de conservación
4 Reposición da legalidade urbanística
2 Expediente sancionador infracción de horario
3 Expediente sancionador infracción de rúidos
1 Concesión de licenza de primeira ocupación
28 Comunicación previa obras menores
2 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
1 Concesión prórroga comunicación previa obra menor
27 Concesión de licenza de obra menor
1 Recurso reposición licenza obra menor
6 Concesión de licenza de obra maior
2 Concesión de prórroga obra maior
1 Concesión transmisión licenza de obra maior
1 Impugnación concesión licenza obra maior
6 Comunicación previa apertura de establecementos
1 Desestimación alegacións comunicación previa apertura de establecementos
1 Declaración ineficacia comunicación previa apertura de establecementos
1 Concesión licenza instalación de terraza

TOTAL: 373

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DAS COMPETENCIAS RELATIVAS Á

CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “A Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

Dita previsión normativa ven de ser desenvolvida polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local e auxiliares de policía local.

Por todo elo e en virtude das competencias que teño atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, veño a PROPOÑER a adopción do seguinte ACORDO ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa:

O Concello de Vilagarcía de Arousa acorda delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia do convenio que se asine para instrumentalizar a delegación competencial.

Nembargantes o Pleno adoptará o acordo que estime.

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo da Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as

competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia do convenio que se asine para instrumentalizar a delegación competencial.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Candido Meixide Figueiras, como representante da Asociación de Veciños de Vilaxoán, en relación coa moción presentada polo grupo político municipal do BNG, que figura co nº 6 da Orde do Día do Pleno: Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á contestación das peticións veciñais presentadas por escrito.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA A DEFENSA DA IGUALDADE DAS TRABALLADORAS DA LIMPEZA HOSPITALARIA NOS HOSPITAIS COMARCAIS.-

Polo grupo político municipal do BNG retírase a moción da orde do día da Comisión Informativa de 26 de xaneiro de 2026 e do Pleno Ordinario de 29 de xaneiro de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á CONTESTACIÓN DAS PETICIÓN VECIÑAIS PRESENTADAS POR ESCRITO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 26 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 21 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á CONTESTACIÓN DAS PETICIÓN VECIÑAIS PRESENTADAS POR ESCRITO

A AAVV Vilaxoán a día de hoxe e dende o ano 2022 leva tramitado máis de 150 comunicacións aos servizos técnicos do Concello como Obras, Iluminación, Parques, Informática e Emerxencias, con resposta inmediata e resolucións case sempre positivas. Do mesmo xeito, máis de 25 demandas aos concelleiros/as das Áreas de Urbanismo, Medio Ambiente, Seguridade Viaria, Seguridade Pública, Cultura e Alcaldía, e por non estar solucionadas ditas demandas están a ser reiteradas, pero desta vez por Rexistro para que queden recollidas de xeito oficial.

Dende a AAVV Vilaxoán, consideran que, como corresponde a unha AAVV, o seu proceder é correcto e beneficioso para a veciñanza e Concello. Como o posicionamento do Concello é o silencio, entenden que sexa considerado o seu malestar e modificado o proceder dos hábitos municipais.

Por todo o anteriormente exposto, é polo que solicitamos do pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao concello ao envío do acuse de recibo dos requirimentos, así coma a proceder á contestación argumentada o antes posíbel a calquera entidade que realice ditos requirimentos.

Pola Secretaria indícase que o rexistro electrónico emite automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada do documento de que se trate. Os documentos presentados de maneira presencial son dixitalizados, devolvendose os orixinais ao interesado, facendo constar data e hora de presentación e número de rexistro.

No Concello, unha vez presentado no Rexistro un documento remítese ao Servizo Municipal correspondente, quedando anotación do día de inicio da súa tramitación. A maioría dos documentos dan lugar a un expediente administrativo, e outros son resoltos directamente polos Servizos (Obras, Alumeado, Xardíns, Medio Ambiente, etc.), e non dan lugar a un expediente administrativo, polo que, non se realiza unha resposta escrita argumentada, xa que, na maioría dos casos executase a petición realizada, sendo facilmente comprobada pola persoa solicitante.

Finalmente indicar, que o prazo para notificar unha resolución expresa é de tres meses, dende a data de presentación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada

polo grupo político municipal do BNG, relativa á contestación das peticións veciñais presentadas por escrito.

- Intervén D. Candido Meixide Figueiras, como representante da AA.VV. De Vilaxoán.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1), e oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e instar ao Concello ao envío do acuse de recibo dos requirimentos, así coma a proceder á contestación argumentada o antes posíbel a calquera entidade que realice ditos requirimentos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA ÁS CONSECUCIAS PARA A FROTA ARTESANAL GALEGA DA ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA DA UNIÓN EUROPEA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 26 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 17 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÁS CONSECUCIAS PARA A FROTA ARTESANAL GALEGA DA ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA DA UNIÓN EUROPEA
O Regulamento de Control da Pesca da Unión Europea, identificado como Regulamento (UE) 2023/2842, foi aprobado definitivamente o 22 de novembro de 2023 e entrou en vigor o 9 de xaneiro de 2024, aplicándose de maneira progresiva desde esa data. Trátase dunha normativa que foi fortemente cuestionada polo sector pesqueiro galego, especialmente pola frota artesanal, ao non ter en conta as características específicas deste tipo de pesca.

O rexeitamento do sector materializouse en numerosas mobilizacións e protestas, así como no consenso acadado no Parlamento Galego, onde se aprobaron por unanimidade distintas iniciativas, entre elas varias a proposta do Grupo Parlamentario do BNG, reclamando unha adaptación desta normativa á realidade da frota de baixura.

A frota artesanal galega leva anos demandando un tratamento diferenciado, atendendo á singularidade da súa actividade, ao seu carácter respectuoso co medio mariño e á súa importancia económica, social e territorial nas vilas costeiras, onde contribúe de maneira decisiva á fixación de poboación, á xeración de emprego e á dinamización económica local.

Porén, estas especificidades non foron tidas en conta á hora de aplicar unha normativa excesivamente rixida e desproporcionada, que incrementa a carga burocrática dun sector xa fortemente regulado. A introdución de novas obrigas materiais, como o diario electrónico, supón custos económicos adicionais e dificulta gravemente o desenvolvemento da actividade pesqueira

habitual da frota artesanal.

O Regulamento establece a obriga de instalar cámaras a bordo en todos os buques de máis de 18 metros considerados “susceptíbeis de cometer incumprimentos”, sen definir con claridade este concepto, xerando unha situación de incerteza xeneralizada. Ademais, deixa ao criterio dos Estados membros a posibilidade de ampliar esta obriga a embarcacións de menor eslora.

Así mesmo, xeneralízase o uso do diario electrónico a partir de 2026 para buques de máis de 12 metros e, a partir de 2030, para embarcacións de menos de 9 metros, segmento no que se atopa a maior parte da frota artesanal galega. A partir de 2027 tamén se introducen dispositivos de control da potencia dos motores, malia que a potencia non incrementa a capacidade de pesca, xa limitada por TACs e cotas.

A normativa modifica e endurece o réxime de infraccións e sancións, xerando unha enorme preocupación no sector, especialmente pola incidencia directa das sancións no acceso ás axudas do FEMPA durante un período de cinco anos, mesmo con efectos retroactivos.

As Federacións de Confrarías denunciaron reiteradamente que non se tiveron en conta as peculiaridades das distintas artes nin dos distintos territorios, nin se habilitaron os apoios necesarios para adaptarse ás novas esixencias.

Desde o pasado 10 de xaneiro entraron en vigor medidas que afectan de cheo á frota artesanal galega, como a obriga de notificación previa de entrada a porto para embarcacións de máis de 12 metros, cun prazo mínimo de catro horas, que o Ministerio de Pesca pretende reducir a dúas horas e media. Esta medida non se adapta á realidade da pesca de baixura, que faena preto da costa, con mareas curtas e condicionadas polas condicións meteorolóxicas.

Tamén entrou en vigor a obrigatoriedade do diario electrónico para buques de máis de 12 metros, esixindo o rexistro de todas as capturas, independentemente do seu peso, unha obriga de difícil cumprimento para moitas embarcacións que carecen de sistemas de pesada a bordo e dos medios técnicos necesarios para cumprir coas esixencias de precisión establecidas.

Desde comezos de ano, o sector pesqueiro galego está a manifestar o seu rexeitamento mediante concentracións, manifestacións e amarres de flota en distintas vilas costeiras, especialmente nas rías de Arousa e Pontevedra.

As confrarías coinciden en sinalar que estas normas están deseñadas para grandes buques e non para a realidade da frota artesanal, cunha tripulación reducida na que os propios patróns desempeñan tamén tarefas de pesca, facendo inviábel asumir unha carga burocrática tan elevada. O propio Regulamento prevé a posibilidade de adaptación á realidade das distintas frotas, polo que resulta imprescindible que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adopte criterios flexíbeis e realistas, estableza un diálogo efectivo co sector e teña en conta as súas demandas.

Por outra banda, a Xunta de Galiza ten competencias en augas interiores que debe exercer, podendo desenvolver plans de xestión específicos para a frota artesanal, así como artellar axudas que contribúan á súa posta en valor e á xestión sostíbel dos recursos mariños.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar á Xunta de Galiza a exercer e defender as súas competencias exclusivas en materia de augas interiores, desenvolvendo normas propias de control adaptadas á realidade da frota artesanal galega.

2.- Instar ao Goberno do Estado a que negocie coa Comisión Europea:

- a) A exclusión da frota artesanal do ámbito de aplicación do Regulamento de Control da Pesca.
- b) Mentres esta exclusión non sexa efectiva, a flexibilización e adaptación das medidas que entraron en vigor o pasado 10 de xaneiro ás características específicas da frota artesanal galega.
- c) A aprobación inmediata dunha moratoria na aplicación destas normas, abrindo un proceso de

diálogo co sector para acordar solucións realistas, entre elas:

- A implantación dun sistema simplificado de pesada para capturas de pequeno volume, recuperando o sistema vixente ata o de agora para capturas inferiores aos 50 quilos.
- A redución da carga burocrática derivada do diario electrónico.
- A busca dunha alternativa realista á obriga de notificación previa de entrada a porto, reducindo ou eliminando a esixencia das dúas horas e media de antelación.

3.- Instar ao Goberno do Estado á eliminación da retroactividade nas sancións asociadas ao Regulamento, evitando que estas impidan o acceso ás axudas do FEMPA.

4.- Instar ás institucións competentes a incluír na vindeira revisión da Política Pesqueira Común da Unión Europea unha diferenciación clara entre pesca artesanal e pesca industrial, atendendo non só á eslora dos buques, senón tamén a criterios como a distancia aos caladoiros, a duración das mareas, o uso de artes sostíbeis ou o número máximo de tripulantes.

- O Sr. Fajardo Recouso indica que agora o BNG admite que a pesca en augas interiores é unha competencia da Comunidade Autónoma Galega.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa ás consecuencias para a frota artesanal galega da entrada en vigor do Regulamento de control da pesca da Unión Europea.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e EU (1), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1.- Instar á Xunta de Galiza a exercer e defender as súas competencias exclusivas en materia de augas interiores, desenvolvendo normas propias de control adaptadas á realidade da frota artesanal galega.

2.- Instar ao Goberno do Estado a que negocie coa Comisión Europea:

- a) A exclusión da frota artesanal do ámbito de aplicación do Regulamento de Control da Pesca.
- b) Mentres esta exclusión non sexa efectiva, a flexibilización e adaptación das medidas que entraron en vigor o pasado 10 de xaneiro ás características específicas da frota artesanal galega.
- c) A aprobación inmediata dunha moratoria na aplicación destas normas, abrindo un proceso de diálogo co sector para acordar solucións realistas, entre elas:

- A implantación dun sistema simplificado de pesada para capturas de pequeno volume, recuperando o sistema vixente ata o de agora para capturas inferiores aos 50 quilos.
- A redución da carga burocrática derivada do diario electrónico.
- A busca dunha alternativa realista á obriga de notificación previa de entrada a porto, reducindo ou eliminando a esixencia das dúas horas e media de antelación.

3.- Instar ao Goberno do Estado á eliminación da retroactividade nas sancións asociadas ao Regulamento, evitando que estas impidan o acceso ás axudas do FEMPA.

4.- Instar ás institucións competentes a incluír na vindeira revisión da Política Pesqueira Común da Unión Europea unha diferenciación clara entre pesca artesanal e pesca industrial, atendendo non só á eslora dos buques, senón tamén a criterios como a distancia aos caladoiros, a duración das mareas, o uso de artes sostíbeis ou o número máximo de tripulantes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DOS CONVENIOS DE CESIÓN DOS CENTROS SOCIOCULTURALS PARA FACILITAR O ACCESO A SUBVENCIÓNS EXTERNAS.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 20 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de xaneiro de 2026 a seguinte MOCIÓN:

“Moción para a ampliación do prazo dos convenios de cesión dos centros socioculturais para facilitar o acceso a subvencións externas”

EXPOÑEN

O Concello de Vilagarcía dispón dunha rede de centros socioculturais cuxa xestión recae en asociacións veciñais mediante convenios de colaboración.

Actualmente, estes convenios establecen a cesión das instalacións por unha duración de 2 anos. Sen embargo, outras administracións, como a Deputación de Pontevedra, convocan liñas de axudas destinadas precisamente á reforma e ao equipamento destes locais.

O requisito imprescindible para que as asociacións poidan optar a eses investimentos é que dispoñan da cesión do local por un período mínimo de 5 anos.

Esta diferenza nos prazos impide que os colectivos veciñais poidan optar a solicitar axudas económicas do Plan Provincia Comunitaria da Deputación de Pontevedra. Ampliar a cesión a 5 anos non só beneficiaría aos veciños con mellores instalacións, senón que suporía un alivio para as arcas municipais.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular

SOLICITA:

1. Que o Concello de Vilagarcía modifique a cláusula de duración dos convenios de colaboración para a xestión de centros socioculturais, establecendo un período de vixencia inicial de 5 anos.

- Pola Secretaria Xeral preguntase á Sra. Suárez Sarmiento se de aprobarse o prazo de duración de 5 anos para os convenios de cesión dos centros culturais, se estaría dacordo en aprobarse os convenios pola Xunta de Goberno Local.

- A Sra. Suárez Sarmiento manifesta a súa conformidade.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a ampliación do prazo dos convenios de cesión dos centros socioculturais para facilitar o acceso a subvencións externas.

- Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE presentase a seguinte emenda:

- Solicitar que as subvencións financien aos propietarios (Concello).
- Solicitar respecto institucional aos gobernos municipais, que se comuniquen as visitas dos representantes da Deputación Provincial a instalacións municipais.

- Polo grupo político municipal do PP non se acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (9), e 11 votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e EU(1)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP, para a ampliación do prazo dos convenios de cesión dos centros socioculturais para facilitar o acceso a subvencións externas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 19:10 horas, auséntase da sesión Dona Rosa Abuín Rodríguez.

9.- MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e

preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte do grupo político municipal do PP presentanse por escrito o día 22 de xaneiro de 2026, as seguintes preguntas:

1 Solicitamos ao goberno local que nos remitise a este grupo a copia íntegra do convenio asinado cos propietarios dos terreos para o novo aparcamento disuasorio de Os Duráns pero como non temos obtido resposta reiteramos a pregunta no Pleno: Queremos saber detalles concretos. Cal é a duración exacta de dita cesión?

2. Cal vai a ser a ocupación prevista para aparcamento?

3. A colocación de canalizacións de saneamento e pluviais vaise facer na parte do terreo público e privado?

4. Cando está previsto que o pabellón de Fontecarmoa volva a ter cantina?

5. No último Pleno comunicáronse cinco levantamentos de reparos de intervención. A que expedientes corresponden?

6. Tamén se informou dunha “resolución de discrepancia derivada dun reparo de intervención en relación con aprobación de gasto”. A que gasto fai referencia?

7. Sobre o aparcadoiro disuasorio de Carril, o da Rúa Xalda, como están as negociacións cos propietarios dos terreos lindeiros?

8. Cando pensan que se poderá construír o aparcadoiro nesa zona?

- Polo Sr. Alcalde e Concelleira Delegada de Urbanismo contestase ás preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260129&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.